



<b>MODELO SILVÍCOLA</b>	<b>EG2</b>
ESPECIE:	<i>Eucalyptus globulus</i> Labill. Aplicable tamén a especies de eucaliptos de casca fibrosa, en plantacións puras ou mesturados con <i>E. globulus</i> .
OBXECTIVO:	Madeira para serra, diámetro obxectivo aos 25 anos de 50 cm, en aproximadamente 200 pés/ha de calidade. Ata 40 anos para bateas ou chapa.
DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: Distritos I, II, III, IV e V (A Coruña), Distrito VI (Lugo), Distritos XVI, XVII, XVIII e XIX (Pontevedra).	

<b>REXENERACIÓN</b>	
Marco e densidade de plantación	Aconséllase un marco de 3 x 3 m (1.111 plantas/ha). Cumprimento das distancias mínimas establecidas no anexo II da Lei 7/2012.
Mantementos	Reposición de marras e roza total no primeiro ano. Mantemento mecanizado (se é posible) entre liñas de plantación e manual nas plantas, ou químico sempre consonte lexislación. Mínimo de dúas rozas por quenda. Recomendable aboado de implantación NPK 8/24/16; disposto a 30 cm do colo da raíz, a ambos os dous lados. Fertilización de mantemento recomendable, en particular antes da tanxencia de copas.

<b>TRATAMENTOS SILVÍCOLAS</b>	
Selección de abrochos	-
Podas	Dúas podas de ramas vivas, afectando como máximo un 40% da copa viva, aos 2-3 anos, altura total podada de 5,5-6 m, sobre 150-200 pés/ha de porvir seleccionados e espazados 7-9 m entre si.
Desmestas	3 anos para deixar 500-600 pés/ha, mediante desmesta selectiva ou semisistemática. Retirada para aproveitamento ou tratamento de restos conforme a lexislación vixente.
Rareas	Aos 6-9 anos ata deixar 150-200 pés/ha.

<b>CORTA FINAL DE REXENERACIÓN</b>	
Idade de corta	25 anos recomendado. 200 pés de calidade/ha, produción preferente de madeira de serra e chapa. Posibilidade de anticipar a quenda en caso de problemas sanitarios, de estabilidade ou de desenvolvemento do rodal. Ata 40 anos para bateas ou chapa.
Métodos de corta	Corta a feito con tratamento de restos ou retirada para aproveitamento. Rexeneración por replantación.